



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)


ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 30 DE AGOSTO DO ANO 2012

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas do día trinta de agosto do ano dous mil doce, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar dos asuntos do órde do día incluídos na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros, D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D^a Mónica Bea Troncoso, D. Rodrigo Rey Vázquez, D. Eulogio Pomares Botana, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quintáns Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a María Josefa Cacabelos Dominguez, D. Xaquín Charlín González, D. Rafael Blanco Guerreiro, D^a Fátima Abal Roma e D. Lucas Vieites Fariña.

Actúa como Secretario, o Funcionario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

1º.- APROBACION DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 26.06.2012.- Aberta a sesión, pola Presidencia pregúntase ós Sres. Concelleiros asistentes, se teñen algunha obxección que formular á acta da sesión celebrada o día vinienseis de xuño de dous mil doce, e, non formulándose ningunha, a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-

2º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 3/2012.- Dase conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en reunión celebrada o día 27 de agosto que, por maioría, decidiu prestarlle conformidade á Proposta da Presidencia que se transcribe de seguido: "Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do respectivo servizo, incoouse expediente para a tramitación do crédito extraordinario número 3/2012 por importe de 22.470,49 euros.= O obxecto de dita modificación orzamentaria é dotar as aplicacións necesarias para que poidan ser aprobados, nun expediente posterior de recoñecemento extraxudicial de créditos gastos que foron realizados cunha serie de deficiencias administrativas.= O financiamento de dito expediente o constitúe a baixa por anulación, isto é, a diminución do crédito asignado á praza de Oficial Policía local dotada no cadro de retribucións do orzamento vixente, polo feito de que non se vai a proceder a súa cobertura na presente anualidade, producíndose un exceso de consignación, ocorrendo o mesmo co crédito dotado para a Seguridade Social da Policía local. Á vista do exposto, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte: 1.= Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos, modalidade de crédito extraordinario 3/2012, por un importe total de 22.470,49 euros, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo coa seguinte distribución:





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Altas nas aplicacións de gastos.-

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
155.221.03	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS VÍAS PÚBLICAS	233,50 €
336.212.00	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO	5.310,00 €
338.226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA FESTEXOS	2.242,00 €
341.489.00	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES DEPORTIVAS	2.700,00 €
920.226.04	GASTOS XURÍDICOS, NOTARIAIS	37,72 €
922.226.99	COTAS PARTICIPACIÓN EN DIVERSAS INSTITUCIÓNS	124,85 €
162.623.95	INSTALACIÓNS EN SANEAMENTO	4.211,42 €
454.619.95	INVERSIÓNS EN CAMIÑOS VECIÑAIS	7.611,00 €
	TOTAL	22.470,49 €

Baixas ou anulaci3ns nas aplicaci3ns de gastos.

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132,120,04	Retrib. B3sicas Polici3 Local. Soldos grupo C2	5.000,00 €
132,121,00	Retrib. Complem. Polici3 Local. Complemento de destino	2.500,00 €
132,121,01	Retrib. Complem. Polici3 Local. Complemento Específico	4.000,00 €
132,160,00	Seguridade Social Polici3 Local	10.970,49 €
	TOTAL	22.470,49 €

2.- Que se expoña 3 p3blico, mediante edicto no Taboleiro da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince d3as h3biles, a efectos de exame e reclamaci3ns, e de non presentarse estas, entenderase automaticamente elevado o presente acordo a definitivo, continu3ndose cos demais tr3mites esixidos polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, en concordancia co Real Decreto 500/90 do 20 de abril.”

Interv3n seguidamente o Portavoz do BNG, Sr. Caamaño Rivas para xustificar a abstenci3n do seu Grupo tanto neste punto como no seguinte na Comisi3n Informativa, por entender que non 3 axeitado utilizar a consignaci3n para certos postos da plantilla para financiar outros gastos.

Por parte do Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerriero manif3stase que o seu grupo votou e votar3 en contra dos expedientes de transferencia de cr3dito sempre que utilicen retribuci3ns de persoal para o pago de facturas e outros gastos non xustificados.

O Sr. Alcalde manifesta que como o seu propio nome indica o presuposto recolle unha previsi3n de gastos e ingresos a priori e 3 normal que ao longo do exercicio aparezan diferencias co contemplado inicialmente pola propia din3mica da xesti3n municipal, e que o feito de que o Concello teña aprobada unha RPT obriga 3 reserva de cr3dito para t3daldas prazas contempladas na mesma, e que tendo en conta que algunhas est3n vacantes 3 l3xico, e adem3is legal, que se traslade cr3dito dispoñible para cubrir outros gastos que resultan necesarios.

Rematadas as intervenci3ns, som3tese o asunto a votaci3n, acad3ndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: once (Sres. Cores Chaves, Mart3nez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey V3zquez, Pomares Botana, G3mez Blanco, Oubiña Santos, Quint3ns Cores, e Sr. Alcalde)
- Votos en contra: tres (Sres.: Blanco Guerriero, Abal Roma e Vieites Fariña.)



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

- Abstencións: tres (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez e Charlín González)
O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1.- Aprobado inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos, modalidade de crédito extraordinario 3/2012, por un importe total de 22.470,49 euros, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo coa seguinte distribución:

Altas nas aplicacións de gastos.-

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
155.221.03	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS VÍAS PÚBLICAS	233,50 €
336.212.00	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO	5.310,00 €
338.226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA FESTEXOS	2.242,00 €
341.489.00	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES DEPORTIVAS	2.700,00 €
920.226.04	GASTOS XURÍDICOS, NOTARIAIS	37,72 €
922.226.99	COTAS PARTICIPACIÓN EN DIVERSAS INSTITUCIÓN	124,85 €
162.623.95	INSTALACIÓN EN SANEAMENTO	4.211,42 €
454.619.95	INVERSIÓN EN CAMIÑOS VECIÑAIS	7.611,00 €
	TOTAL	22.470,49 €

Baixas ou anulacións nas aplicacións de gastos:


APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
132,120,04	Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo C2	5.000,00 €
132,121,00	Retrib. Complem. Policía Local. Complemento de destino	2.500,00 €
132,121,01	Retrib. Complem. Policía Local. Complemento Específico	4.000,00 €
132,160,00	Seguridade Social Policía Local	10.970,49 €
	TOTAL	22.470,49 €

; e,

2.- Que se expoña ó público, mediante edicto no Taboleiro da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, e de non presentarse estas, entenderase automaticamente elevado o presente acordo a definitivo, continuándose cos demais trámites esixidos polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, en concordancia co Real Decreto 500/90 do 20 de abril.

3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 3/2012.-

Dictaminado o asunto pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio en reunión celebrada o día 27 de agosto, por maioría, decidiu prestarlle conformidade á Proposta da Presidencia que se transcribe de seguido:="En exercicios económicos pechados e no presente exercicio 2012 foron realizados os gastos que a continuación se relacionan, con indicación dos terceiros acredores e os importes correspondente a ditos gastos.= En determinados casos, trátase de gastos realizados en anteriores exercicios pero nos que a correspondente factura presentouse polo provedor no 2012.= Noutros, a tramitación realizouse cunha serie de deficiencias administrativas que determinan que ditos expediente adoezan de vicios de





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

invalidez. Dita invalidación traería consecuencias inxustas e lesivas para a parte a quen non é imputable a causa de nulidade. Por elo, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ven aplicando nestes casos a “teoría do enriquecemento inxusto”, segundo a cal “non se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades” (Sentencias de 25 e 8 de outubro de 1986, e 12 de febreiro de 1990), e ademais débese ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns.= O recoñecemento extraxudicial de crédito supón pois, a posibilidade que teñen as Entidades Locais para recoñecer e proceder ó pago daquelas obrigas económicas que, aínda infrinxindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non ter seguido o procedemento contractual correspondente, derivan de prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, evitando desta maneira a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos acredores, as cales serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto.= Ademais, debe lembrarse que para posibilitar o recoñecemento destas débedas, foi tramitado expediente de modificación de créditos, mediante crédito extraordinario nº 3/2012, dotándose crédito específico para a imputación destes gastos.= Así pois, e considerando que se trata de prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte: 1.- Ó abeiro do establecido no artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver expresamente as discrepancias emitidas pola Intervención municipal no seu informe. 2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 22.470,49€, segundo o Anexo que se xunta á presente proposta, e imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican, quedando supeditado a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da modificación orzamentaria de crédito extraordinario nº 3/2012.= ANEXO.-

155.221.03	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS VÍAS PÚBLICAS	
	ESTACIÓN DE SERVICIO XESTEIRA, S.L/COMUSTIBLE 2011 (REX. Nº 665)	233,50 €
336.212.00	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HCO ARTÍSTICO	
	CONTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES S.L/ REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DA CAPILLA DA PASTORA (REX. Nº 1040)	5.310,00 €
338.226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA FESTEXOS	
	EDITORIAL LA CAPITAL S.L/ FESTA DA VIEIRA 2010 (REX. Nº 526)	1.062,00 €
	EDITORIAL LA CAPITAL S.L/ LETRAS GALEGAS 2011 (REX. Nº 527)	1.180,00 €
341.489.00	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES DEPORTIVAS	
	VIAXES OTERO S.L/ VIAXE SABADELL CLUB XUV. BALONCESTO (REX. Nº 929)	2.700,00 €
920.226.04	GASTOS XURÍDICOS, NOTARIAIS	
	FRANCISCO MANUEL BOTANA TORRÓN/ PODER PLEITOS 2010 (REX. Nº 908)	37,72 €
922.226.99	COTAS PARTICIPACIÓN EN DIVERSAS INSTITUCIÓN	
	FEMP/COTA EXTRA X ASAMBLEA FEMP 2011 (REX. Nº 791)	124,85 €
162.623.95	INSTALACIÓN EN SANEAMENTO	
	ESPINA & DELFIN/ INSTALACIÓN DE EQUIPOS EN LA EDAR XESTEIRA IV – CASTRELO (REX. Nº538)	4.211,42 €
454.619.95	INVERSIONS EN CAMIÑOS VECIÑAIS	
	CANTERIA SAN ADRIAN S.L.U/MURO EN FORNIÑOS (REX, Nº 544)	7.611,00 €
	IMPORTE TOTAL RECOÑECIMIENTO EXTRAXUDICIAL	22.470,49 €

Toma a palabra o Portavoz do BNG, Sr. Caamaño Rivas para reiterar o manifestado no punto anterior e xustifica a abstención do seu Grupo ó entender que non é axeitado utilizar a consignación de certos postos da plantilla para financiar outros gastos.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Intervén seguidamente o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerriero, para manifestar que o seu grupo votará en contra daqueles expedientes que utilicen retribucións de persoal para o pago de facturas e outros gastos non xustificadas.

Por parte do Sr. Alcalde reiterase que como o seu propio nome indica o presuposto recolle unha previsión de gastos e ingresos a priori e é normal que ao longo do exercicio aparezan diferencias con respecto ó contemplado inicialmente pola propia dinámica da xestión municipal, e que o feito de que o Concello teña aprobada unha RPT obriga á reserva de crédito para tódalas prazas contempladas na mesma, e tendo en conta que algunhas están vacantes é lóxico, e ademais legal, que se traslade crédito dispoñible para cubrir outros gastos que resultan necesarios.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: once (Sres. Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Pomares Botana, Gómez Blanco, Oubiña Santos, Quintáns Cores, e Sr. Alcalde)
 - Votos en contra: tres (Sres.: Blanco Guerreiro, Abal Roma e Vieites Fariña.)
 - Abstencións: tres (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez e Charlín González)
- O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1.- Ó abeiro do establecido no artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver expresamente as discrepancias emitidas pola Intervención municipal no seu informe; e,

2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 22.470,49€, segundo o Anexo que se xunta á presente proposta, e imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican, quedando supeditado a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da modificación orzamentaria de crédito extraordinario nº 3/2012.

4º.- APROBACION DEFINITIVA DA CONTA XERAL DESTE CONCELLO CORRESPONDENTE O EXERCICIO ECONOMICO 2011.- Dase conta da proposta da Alcaldía na que se recolle que, rendida a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico de 2011, foi sometida a ditame da Comisión Especial de Contas que na súa sesión do 31.05.2012 emitiu ditame favorable.= Exposta ó público durante quince días hábiles e oito máis, que remataron o 05.07.2012, non se formulou contra a mesma reclamación ou observación algunha, segundo se recolle na correspondente certificación que obra no expediente.= Na súa consecuencia, e segundo se establece no referido ditame, procede elevala directamente ó Pleno, para a súa aprobación definitiva, sen necesidade de novo ditame; por elo, e cumpríndose con todo o establecido, esta Presidencia proponlle ó Pleno da Corporación, teña a ben adopta-lo seguinte acordo:= Aprobar definitivamente a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico de 2011, e que se remita ó Consello de Contas da Comunidade Autónoma Galega en cumprimento do establecido ó respecto.

Rematada a lectura, toma a palabra o Portavoz do P.S.deG.-PSOE para manifestar que estan en contra da súa aprobación, toda vez que demostra unha falla de capacidade de xestión e non se solicitan as dispoñibilidades de crédito, di así mesmo que é unha decepción absoluta presentar este estado de contas que leva máis reparos de legalidade que follas contables, algo ó que segundo manifestan estan xa acostumbrados.= Manifesta asimesmo que, en gastos de persoal, tódalas nóminas de 2011 contan con reparos de Intervención e non se solucionan por parte do grupo de goberno; que deben reducirse gratificacións (compensándose por horas extras en datas de menor actividade no servizo) e produtividade (incorporándose ó



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

complemento específico como no caso da Policía Local); articularse un sistema de petición previa, con existencia de crédito e aprobación das mesmas, para exercer a labor de control e de boa xestión; limitar ó máximo a contratación temporal; elaborar un inventario municipal, o non dispoñer dun completo e actualizado; elaborar un inventario contable (inexistente por falla de medios e persoal).= Non existe patrimonio municipal do solo polo que non é valorable e non se pode fiscalizar, reducindo as garantías de legalidade e impedindo o control e coñecemento do destino dos bens municipais; eliminar a práctica dos vales de subministro que dan lugar ao fraccionamento dos contratos, algo prohibido expresamente polo Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, por máis de 18.000€, sen presuposto, sen autorización e sen xustificación escrita dos órganos xestores; reclamarlle á concesionaria da piscina municipal os aportes correspondente aos gastos de luz e gas e convocarse novo concurso, tendo en conta as circunstancias actuais; regularizar a situación da Praza de abastos sen concesións, sen trámite administrativo, sen garantías para tódolos cidadáns, sen publicidade e sen transparencia, existindo postos sen concesión que permanecen ocupados; regularizar o tema dos proxectos técnicos e direccións de obra, evitando excesos de obras e modificados, e facéndose constar contablemente os importes destes gastos; a redacción dos proxectos debe facerse polos técnicos municipais ou de non ser posible, mediante contrato de consultoría; e que, existen moitos reparos de legalidade por obras fora de prazo, sen contrato, etc., incumplíndose a lei.= En resumen, que debe levarse a cabo de xeito inmediato unha política de contención do gasto; regularizarse os complementos de produtividade (sobre todo os da Policía Local); resolver o contrato da concesionaria da piscina municipal con incumprimento do contrato; regularizar a contratación da redacción de proxectos técnicos; limitar a contratación de persoal temporal sobre todo sen consignación presupostaria e con prórrogas continuas, para non converter eses contratos en fixos; axustarse á legalidade nos contratos de subministros de materiais, servizos, etc.; e seguir as recomendacións que se fan dende os informes de intervención que advirte da ilegalidade na maioría dos apartados das contas.

Intervén a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para manifestar que os verdadeiros protagonistas do superavit (49.932€) e de que exista remanente en tesourería (242.639€) son os veciños e veciñas que cada ano teñen que afrontar unhas subas abusivas de impostos municipais do PP; impostos e precariedade de servizos son a razón do superavit e non a boa xestión do PP.= Que nunha casa sobren cartos a final do ano non quere dicir que os cartos gastados foran ben xestionados ou que os seus inquilinos vivan ben. E por suposto nestas Contas hai exemplos de sobra que demostran que a xestión neste concello é mala.= Que o Concello de Cambados ten uns GASTOS Reais de 9.666.053 € (do que paga 8.318.225 €), mentres que ten uns IGRESOS no 2011 de 8.068.089 € e unhas previsións pendentes de cobro de 882.490 € (o que tiña pensado ingresar o concello INGRESOS (8.068.089 €) + previsións (882.490 €) é o orzamento real 2011 -8.950.580 €). Polo tanto, hai un gran desfase entre o realmente ingresado e o gastado de -715.473 € que é déficit real durante o exercicio 2011; despois fanse os axustes contables para obter un saldo positivo de case 50.000 €, pero a realidade é que se gastou máis do que se ingresou.= Nas Contas do ano anterior a 31.12.2010, coa cantidade que o Concello tiña en bancos (2.532.941 €) podía asumir o pendente de pago (1.812.569 €) pero non sucede o mesmo a 31-12-2011, xa que os fondos líquidos (1.198.966 €) son insuficientes para o pendente de pago (1.380.752 €).= Que a autonomía fiscal municipal é do 46%, insuficiente para asumir todos os gastos, pois só os de persoal (3.834.708 €) supera ese porcentaxe.= Que coa propia autonomía municipal non podería manterse o